

CONCELLO de RAMIRAS



NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Exp: 53/2026

Asunto: Campamento verán 2026

RESOLUCION DE ALCALDIA

Vista a conveniencia de promover actividades de carácter educativo, cultural, deportivo e de lecer destinadas á poboación infantil durante o período estival, contribuíndo á conciliación da vida familiar e laboral das familias do municipio.

Visto o interese municipal na organización dun Campamento Municipal de Verán 2026 que favoreza o desenvolvemento persoal, social e educativo dos menores participantes.

Visto o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como na restante normativa de aplicación en materia de competencias municipais.

No exercicio das atribucións que me confire a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Obxecto

Aprobar a organización e convocatoria do **Campamento Municipal de Verán 2026 do Concello de Ramirás**, dirixido a nenos e nenas **do Concello, dos cuales os país, nais, avos, avoas o tutores legais deben estar empadroados no dito Concello**, nas condicións que se establezan nas bases reguladoras da actividade.

Segundo.- Datas e lugar de realización

O campamento desenvolverase durante os meses de 1 ao 31 de xullo e de o 3 ao 28 de agosto de 2026, nas instalacións municipais e nos espazos que se determinen na programación da actividade.

Terceiro.- Oferta de prazas

Ofertar un total de **20 prazas** para a participación no Campamento Municipal de Verán 2026, dirixido a nenos e nenas de entre **3 e 12 anos, empadroados no Concello de Ramiras**.

.A súa adxudicación realizarase conforme aos criterios establecidos a continuación.

DECRETO
Número: 2026-0164 Data: 05/06/2026





CONCELLO de RAMIRÁS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Cuarto.- Organización De Quendas:

- 1ª quincena de xullo: do 1 ao 15 de xullo (9:00h – 15:00h)
- 2ª quincena de xullo: do 16 ao 31 de xullo (9:00h – 15:00h)
- 1ª quincena de agosto: do 3 ao 16 de agosto (9:00h – 15:00h)
- 2ª quincena de agosto: do 17 ao 28 de agosto (9:00h – 15:00h)

Cada solicitante poderá participar nun máximo de tres quendas.

Quinto.- Prazo e presentación de solicitudes

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ramirás ou a través da sede electrónica municipal durante o prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Onde deberán rellenar un formulario de inscrición e una declaración xurada da súa renda (disponible na paxina do Concello)

Sexto.- Prezo público

A participación no Campamento Municipal de Verán 2026 terá carácter totalmente gratuíto para as persoas participantes, sendo os gastos derivados da súa organización asumidos polo Concello de Ramirás con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

Septimo.- Publicidade

Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios, na sede electrónica municipal e nos demais medios de difusión que se consideren oportunos para garantir o coñecemento da convocatoria.

Octavo.- Criterios por orden de adxudicación:

Os criterios por orden de adxudicación establecidos son os seguinte, e no caso de empate na aplicación dos criterios de prioridade establecidos a adxudicación das prazas realizarase atendendo á orde de presentación das solicitudes no Rexistro do Concello (non valido anotacions por teléfono ni email do Concello).

Habera unha lista de reserva.

- 1.- Familias nas que ambos proxenitores, titores ou responsables legais e familias monoparentales se atopen traballando durante o período de realización do campamento.
- 2.- Familias nos que polo menos un dos proxenitores, ou o pai, nai ou titor/a legal, se atope traballando durante o período de realización do campamento.
- 3.- Os menores que durante o período de vacacións escolares permanezan habitualmente ao coidado dos seus avós, estando estes empadroados no Concello, debido ás obrigas laborais dos seus proxenitores ou titores legais, coa finalidade de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

DECRETO
Número: 2026-0164 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 90Q33MGPQTEPCPTPKH377PYAC
Corrección: <https://ramiras.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



**CONCELLO de RAMIRAS**

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

4.- Menores en situación de vulnerabilidade social, previa acreditación mediante informe dos servizos sociais, se é o caso.

Noveno: Penalización

A asistencia e diaria ao campamento no horario establecido no mesmo (9:00h a 15:00h), así como xustificar as faltas de asistencia a actividade, tendo coñecemento de que de non facelo, aos 5 días de falta non xustificada, perderá o dereito de asistencia, pasando a ser ocupada a praza por outro neno/a que de ser o caso, figure en reserva.

Así o dispón e asina a Alcaldesa-Presidente, en Ramiras na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fé.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0164
Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 90Q33MGPQTEPCPTPKH377PYAC
Corrección: <https://ramiras.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

